

XERMADE

Anuncio

O Pleno do Concello de Xermade, en sesión ordinaria celebrada o 9 de febreiro de 2012, acordou aprobar inicialmente as seguintes Ordenanzas:

1 Modificación da Ordenanza fiscal nº 5 reguladora da taxa por recollida de lixo.

Así mesmo acordou expoñer os expedientes a información pública e audiencia ós interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días, e no suposto de que non se presentaran reclamacións contra os mesmos, entender automaticamente elevados a definitivos os acordos ata entón provisionais, de conformidade co disposto nos artigos 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do réxime local e artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, para as Ordenanzas fiscais.

No BOP nº 044 de data 23 de febreiro de 2012 publicouse anuncio de exposición pública, non presentándose no prazo de exposición pública reclamacións, polo que entendendo aprobada definitivamente a antedita Ordenanza publícase o seu texto íntegro en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril e 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, facendo constar que contra a aprobación definitiva das ordenanzas poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir da data de publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia

"ORDENANZA FISCAL Nº 5

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO

ARTÍCULO 1. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por recollida domiciliaria de lixo, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ó disposto no artigo 57 do citado texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTÍCULO 2. Feito Impoñible

Constitúe o feito imoñible da taxa a prestación e recepción obrigatoria do servizo de recollida de lixo domiciliar e de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerza calquera actividade industrial, comercial, profesional, artística e de servizos.

A tal efecto, considéranse lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais, vivendas ou establecementos.

Exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, cascallos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuxa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

A recollida de residuos especiais, industriais e similares estará sometida ó establecido na Normativa específica reguladora.

3. Non está suxeita á taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

- a) Recollida de lixo e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de escouras e cinzas de calefaccións centrais.
- c) Recollidas de cascallos de obras.

ARTÍCULO 3. Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos desta taxa, todas as persoas físicas o xurídicas e as Entidades, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitante, arrendatario, ou, incluso, de precario.

Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

ARTÍCULO 4. Responsables

Responderán da débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 del artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contra, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria cínxirase ó establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTÍCULO 5. Cota Tributaria

1. A cota tributaria anual consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles e da categoría do lugar, praza ou vía pública onde estean situados.

2. Aplicaranse as seguintes tarifas, sendo as categorías das rúas únicas:

CONCEPTOS	Euros/ano	Euros/trimestre
Epígrafe 1. Vivendas (enténdese por vivenda a destinada a domicilio de carácter familiar e aloxamentos que non excedan de dez prazas)	46,16	11,54
Epígrafe 2. Aloxamentos (enténdese por aloxamento aqueles locais de convivencia colectiva non familiar, entre os que se inclúen hoteis, pensións, residencias, centros hospitalarios, colexios e demais centros de natureza análoga, sempre que excedan de dez prazas)		
A) Hoteis, moteis, hoteis-apartamentos de cinco e catro estrelas, por cada praza	92,28	23,07
B) Hoteis, moteis, hoteis-apartamentos de tres e dúas estrelas, por cada praza	92,28	23,07
C) Hoteis, moteis, hoteis-apartamentos dunha estrela, por cada praza	92,28	23,07
D) Pensións e casas de hóspedes, centros hospitalarios, colexios e demais centros de natureza análoga, por cada praza	92,28	23,07
Epígrafe 3. Establecementos de alimentación.	92,28	23,07
A) Supermercados, economatos e cooperativas	92,28	23,07
B) Almacéns ó por maior de froitas, verduras e hortalizas	92,28	23,07
C) Peixerías, carnicerías e similares	92,28	23,07
Epígrafe 4. Establecementos de restauración.	92,28	23,07
A) Restaurantes.	92,28	23,07
B) Cafeterías	92,28	23,07
C) Whiskerías e pubs	92,28	23,07
D) Bares	92,28	23,07
E) Tabernas	92,28	23,07
Epígrafe 5. Establecementos de espectáculos	92,28	23,07
A) Cines e teatros	92,28	23,07
B) Salas de festas e discotecas	92,28	23,07
C) Salas de bingo.	92,28	23,07
Epígrafe 6. Outros locais industriais ou mercantís.	92,28	23,07
A). Centros oficiais	92,28	23,07
B) Oficinas bancarias	92,28	23,07
C) Grandes almacéns	92,28	23,07
D) Demais locais non expresamente tarifados	92,28	23,07
Epígrafe 7. Despachos profesionais (no suposto de que a oficina ou establecemento estea situado na mesma vivenda, sen separación, aplicarase unicamente a tarifa precedente quedando englobada nela a do epígrafe 1)	92,28	23,07
A) Por cada despacho	92,28	23,07

3. As cotas sinaladas na tarifa teñen carácter irredutible e corresponde a doce meses, sendo rateable por trimestres naturais.

O servizo extraordinario e ocasional de recollida de residuos sólidos urbanos, previa petición do interesado ou orde da Alcaldía por motivos de interese público, facturarase ó solicitante o seu custo.

ARTÍCULO 6. Retribución

1. Retribúese a taxa e nace a obrigaón de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria deste, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida domiciliaria de lixo nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas pagaranse o primeiro día de cada trimestre natural.

No caso de primeiro establecemento, ou se a retribución da taxa se produce con posterioridade á dita data, a taxa pagarase o primeiro día do trimestre seguinte.

ARTÍCULO 7. Normas de xestión

Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data na que se retribúa por vez primeira a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición en matrícula, presentando ó efecto a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota do primeiro trimestre.

Nos tributos de cobro periódico por recibo, unha vez notificada a liquidación correspondente á alta na respectiva matrícula, poderán notificarse colectivamente as sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirtan.

Non obstante, cando se verifique por parte do servizo administrativo correspondente que a vivenda pode ser habitada, procederase de oficio a dar de alta a vivenda no correspondente Padrón, sen prexuízo de que se poida instruír expediente de infraccións tributarias.

Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que terán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data en que se efectuou a declaración.

O cobro das cotas efectuarase trimestralmente mediante recibo derivado da matrícula, en período voluntario durante os dous meses naturais completos seguintes á data de expedición do recibo. Transcorrido este período procederase ó cobro das cotas en vía de prema.

A prestación do servizo comprenderá a recollida de lixo na porta da rúa da fachada dos edificios, ou no lugar que previamente se indique, e a súa carga nos vehículos correspondentes. A tal efecto, os usuarios veñen obrigados a depositar previamente o lixo no correspondente lugar, en recipientes adecuados e no horario que se determine.

No caso de que sexa necesaria a recollida de voluminosos (neveiras, lavadoras, mobiliario....) deberase chamar ó concello deixando os datos da vivenda, e non se poderán depositar ata que o concello comunique o día de recollida.

ARTÍCULO 8. Infraccións e sancións

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, e as disposicións que a desenvolven.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

Aprobada a Ordenanza por pleno de 14 de novembro de 1991, resulta modificada polo presente texto.

Esta modificación da Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o 9 de febreiro de 2012, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación no seguinte trimestre natural ó da súa publicación, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Xermade 30 de marzo de 2012.- O Alcalde, Tomás Rodríguez Arias.

R. 1539

**MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL CANTÁBRICO – COMISARÍA DE AGUAS***Anuncio***Expediente: A/27/20084**

Asunto: Solicitud de Concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Comunidad de Usuarios de Lodos.

N.I.F. nº: G 27429091

Domicilio: 1- Lodos 27112 - A Fonsagrada (Lugo).

Nombre del río o corriente: Manantiales "Rego do Bidueiro" (4 surgencias).

Caudal solicitado: 0,2976 l/seg..

Punto de emplazamiento: Chao do Caramelo (Lodos).

Termino Municipal y Provincia: A Fonsagrada (Lugo).

Destino: Abastecimiento a Lodos.

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

Tres arquetas de captación, arqueta de reunión y captación y conducción por tubería a arqueta de distribución y a 7 depósitos individuales, uno para cada partícipe.